



"OS BOLOS DO LOCAL" 2018

1-INTRODUCCIÓN

O Local de Música, pertencente ao Departamento de Xuventude do Concello de Pontevedra, en colaboración co Departamento de Festas do Concello de Pontevedra promoven **"Os Bolos do Local"** para apoiar á escena musical emerxente da cidade e busca poñer en valor a creación musical de base organizando unha serie de accións formativas e eventos musicais en rúas e prazas da cidade.

Os obxectivos principais son:

- Ofertar unha proposta formativa integral para axudar aos grupos de Pontevedra a estruturar un proceso de traballo e de mellora sobre o proxecto artístico.
- Presentar á comunidade unha mostra da escena musical independente en espazos emblemáticos e representativos da cidade.
- Ofrecer aos grupos noveis oportunidades para estar en contacto co mundo profesional, darse a coñecer e desenvolver a súa carreira artística.

2-EN QUE CONSISTE

Os Bolos do local son unha serie de accións formativas orientadas á mocidade que desenvolve actividades musicais en Pontevedra.

Os grupos seleccionados participarán nun proceso formativo e de mentorización, adaptado segundo o estado do proxecto artístico.

Poderán apuntarse ao proceso unha ou varias persoas compoñentes dos grupos para as formacións.



"OS BOLOS DO LOCAL" 2018

As accións formativas divídiranse en tres niveis:

- **Proxecto "serán de tralla":**
 - Inicial-básico-nobel.
 - Consiste nun asesoramento personalizado para as bandas que están a empezar. As sesións serán individuais e nas horas de ensaio do grupo. O proxecto remata cunha actuación final para poñer en práctica as melloras formuladas.
 - Sesións individualizadas no local de 21 maio a 21 xuño.
 - Práctica/actuación: serán de tralla 22 xuño.
 - **25/06 Mesa redonda GRUPOS**

- **Proxecto "son da serea":**
 - Medio-preprofesional.
 - Consiste nun proceso de formación presencial sobre os temas máis importantes para poñer a andar o proxecto musical con bandas e solistas con certa traxectoria pero sen dar o salto profesional. Complementábase cun proceso de mentorización por profesionais do sector. Remata cunha actuación para poñer en práctica as melloras formuladas.
 - S1_26/04 Xornada de Presentación. Curso "Como conseguir concertos". Tomy Desastre. Sala Mardigras.
 - S2_ 28/05
 - S3_ 04/06
 - S4_ 11/06
 - **S5_ 25/06 Mesa redonda GRUPOS**
 - MENTORING. Do 11/06 a 15/05. 2 Sesións de traballo individualizado con mentores.
 - **Práctica/actuación: 23 e 24 de xullo de 2018. Praza do Teucro.**

- **Proxecto "a Peregrina"**
 - Avanzado / Pre-profesional.
 - Consiste nun proceso de formación presencial sobre os temas máis importantes para mellorar o proxecto musical cunha banda seleccionada que está nun bo momento de traballo.
 - Sesións con "Son da Serea"
 - **Práctica/actuación: 11/08 de agosto de 2018. Praza de España. Teloneiro de grupo nas Festas da Peregrina.**



"OS BOLOS DO LOCAL" 2018

Materiais didácticos:

- Os grupos seleccionados para "Son de Serea" disporán dun saldo de 250 euros para a compra de elementos que melloren a súa proposta artística.
- O grupo seleccionado para "A Peregrina" disporá dun saldo de 500 euros para a compra de elementos que melloren a súa proposta artística.

3-PARTICIPACIÓN.

Poderán participar todas aquelas bandas ou solistas con compoñentes con idades superiores aos 16 anos sempre que polo menos un compoñente do grupo estea empadroada/o no Concello de Pontevedra.

As e os compoñentes menores de idade afirmarán ter o consentimento de pais/nais ou tutores no momento de inscribirse. En caso de resultar seleccionadas/os solicitaráselles unha autorización formal, firmada e por escrito.

A matrícula da formación será totalmente GRATUÍTA.

Modalidades de participación

- Grupos: propostas musicais que queren estar nalgún dos procesos.
- Expertos/as: artistas que queren colaborar co proceso.
- Mentores/as: Expertos en diferentes temas que queren axudar aos grupos no seu traballo.

4-DATAS e FASES.

- Pre-Inscripción. Ate o 17 de maio de 2018 ás 22:00h.
- Selección: 18-20 de maio de 2018.

5-INSCRIPCIÓN

As inscricións poderán facerse unicamente desde un formulario en liña no web do Local de Música (<http://localdemusicapontevedra.nos.gl>).

<https://goo.gl/forms/4QZOieoW2vBvyPnT2>

As datas límite para a recollida de inscricións será o 17 de maio de 2018 ás 22:00h.



"OS BOLOS DO LOCAL" 2018

6-DATOS PARA A PRE-INSCRIPCIÓN

O formulario solicitará os datos principais do grupo e dos seus compoñentes.

Como información chave para preselección do xurado, haberá que presentar:

1. Descrición breve do grupo e traxectoria, traballos,...
2. Como información complementaria poderán poñerse outras ligazóns de interese: redes sociais, web,...

A organización poderá subir e compartir a información dos grupos apuntados ou outra que considere de interese nos seus espazos de difusión web (facebook, blog...)

7-SELECCIÓN

O local de Música exercerá de oficina técnica do proxecto e valorará a información enviada polos grupos. A organización comprobará que as bandas inscritas cumpran os criterios das bases. Aquelas que non teñan a información solicitada non serán admitidas. A preselección consistirá nunha revisión do material solicitado de cada un dos grupos presentados.

Terase en conta

- A calidade técnica e musical.
- A profesionalidade e consistencia do proxecto musical.
- A traxectoria e accións de promoción do grupo.

No caso de empate, teranse en conta os seguintes criterios:

1. Somos galegas e galegos. O noso idioma é, unha vez máis, a chave coa que abrir moitas portas. O uso do galego será un factor moi importante.
2. Cremos nun mundo feminista, no que mulleres e homes somos iguais. Por iso, que as formacións estean compostas por persoas de ambos os dous sexos será tamén outro dos factores a ter en conta.

A organización colgará información sobre os grupos seleccionados nos seus espazos de difusión web.